

AXUDAS PARA CONTRATOS RAMÓN Y CAJAL (RYC) - 2024

Prazo propostas dos grupos: ata a 09/01/2025

Prazo solicitude UDC: 16/12/2024 a 21/01/2025 ás 14.00 horas

“Resolución de 4 de diciembre de 2024 de la Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación, por la que se aprueba la convocatoria 2024 de las ayudas Ramón y Cajal” (BOE 06/12/2024)

<https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/ayudas-contratos-ramon-cajal-ryc-2024>

Co obxecto de elaborar a proposta definitiva da UDC nesta convocatoria, ábrese un prazo **ata o día 9 de xaneiro de 2025, ás 14:00 horas**, para remitir por correo electrónico a esta vicerreitoría (vit@udc.gal) as propostas dos grupos e unidades de investigación inscritos no catálogo da UDC, asinadas pola persoa coordinadora.

Contido das propostas:

- **Documento 1.- Descripción e motivación do contrato ofertado**, así como a súa adecuación aos planos da institución, asinado pola persoa que coordine o grupo ou unidade que formule a proposta (máx. 750 caracteres). Deberase especificar con detalle a motivación da oferta de praza, substitución/xubilación de persoal, fortalecemento de novas estruturas de I+D, potenciación de liñas novidosas ou estratéxicas da institución, etc. Así mesmo indicárase a Área temática e Subárea temática, de acordo co Anexo II da convocatoria:
<https://www.aei.gob.es/areas-tematicas/areas-tematicas>
- **Documento 2.- Un texto en castelán en formato .doc ou .docx** que recolla os **datos máis relevantes do contrato ofertado**, de modo que os candidatos poidan xulgar a súa adecuación e valorar o interese da oferta (máx. 250 caracteres).

A solicitude definitiva da UDC será finalmente elaborada pola Comisión de Investigación, que terá en conta a documentación achegada con cada proposta e a avaliación do grupo ou unidade levada a cabo pola Axencia Estatal de Investigación.

A UDC resérvase a posibilidade de seleccionar determinadas áreas estratéxicas de investigación ou de difícil captación de investigadores que poidan resultar críticas para o futuro da nosa institución.

Consultas relativas a este procedemento

Sección de Xestión de Convocatorias
e Axudas a Investigadores
Servizo de Investigación
coordinacion.investigacion@udc.gal
881 01 5760 e 881 01 5762

Consultas sobre a preparación da documentación e a solicitude

Oficina de Captación de Persoal Investigador
OCPI
talento.ocpi@udc.gal
881 01 5704

A Coruña, na data da sinatura dixital

Jerónimo Puertas Agudo
Vicerreitor de Investigación e Transferencia